



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**
Memoria de Actividades 2015





Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: +34 981534173 - Fax: +34 981534174
Correo electrónico: acsug@acsug.es
Páxina Web: www.acsug.es

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e a ACSUG como editora.



ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada no EQAR



ACSUG é membro de ECA



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Ambiental está verificado segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	13 CALIDADE INTERNA
	14 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	14 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS EN 2015	17
	17 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	24 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	29 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	31 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	35
	35 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	39 OUTRAS COLABORACIÓNS
	40 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	41 PUBLICACIÓNS

01



ACSUC

m⁶

Presentación

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A ACSUG, como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, considera fundamental, en primeiro lugar, garantir un axeitado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Hai que destacar que neste ano se superou satisfactoriamente a auditoría externa realizada pola empresa AENOR para o período de certificación 2015-2018. No ano 2015 seguíuse a traballar na mellora do sistema de xestión interno, nos métodos de traballo e no impulso da medición sistemática da satisfacción de todos os grupos de interese relacionados coa ACSUG.

Pero, sen dúbida ningunha, o principal aspecto que cómpre salientar no 2015 para ACSUG foi o comezo do deseño e desenvolvemento do primeiro Plan Estratéxico da Axencia, que cubrirá o período 2016-2020. A súa aprobación, implantación e posta en marcha está prevista para o primeiro semestre do ano 2016.

A ACSUG continuou no 2015 coa realización de actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre a mellora da calidade das universidades galegas. Entre estas actividades podemos destacar as seguintes: a verificación, seguimento e renovación da acreditación de titulacións, a certificación dos sistemas de garantía da calidade dos centros universitarios, os distintos procesos de avaliación do profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral, a avaliación da investigación universitaria, etc.

Entre as novas actividades cómpre salientar a consolidación da realización por parte da ACSUG do seguimento da garantía de calidade das ensinanzas artísticas superiores.

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

A nivel internacional hai que destacar a participación activa da ACSUG nas asociacións e organismos dos que é membro, como a European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), o European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR) e o Consorcio Europeo de Acreditación (ECA).

Outras actividades salientables a nivel internacional foron a continuación coa avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres (USMP) e da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (USMP), ambas as dúas situadas en Perú. Tamén hai que resaltar a participación da ACSUG no proxecto europeo TEMPUS "EDUCA", relacionado coa modernización dos estudos de pedagogía en países de Asia Central.

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2015.

02



ACSUC

m⁸

Misión e visión da ACSUG

A ACSUG plasmou nun documento público de código ético os principios e mais os obxectivos xerais e estratéxicos que serven de base para a realización das actividades da axencia.

Unha parte importante do documento corresponde á misión e visión da ACSUG:

MISIÓN


A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Para iso lévanse a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente das relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e mais a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuindo a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente no que atinxe á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade

03



ACSUC

m¹⁰

Estrutura e organización


ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

Estrutura orgánica

A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, órganos consultivos e órganos de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidenta ou presidente, o consello de Dirección e a directora ou director.

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), como órgano superior de avaliación, e o consello Asesor, como órgano consultivo, son órganos permanentes da ACSUG.



A presidenta ou presidente da ACSUG

É o máximo representante institucional. Á presidenta ou presidente correspóndelle, entre outras funcións, convocar e presidir as sesións do consello de Dirección, dirixir as deliberacións e decidir os empates co seu voto de calidade, e mais velar pola consecución dos obxectivos da ACSUG e polo cumprimento dos seus estatutos.

O consello de Dirección

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión. Entre as súas funcións atópanse as seguintes: a aprobación da programación anual de actividades, a adopción das medidas axeitadas para a mellor organización e funcionamento da ACSUG e a aprobación dos orzamentos da ACSUG e das súas contas anuais.

Son membros do consello de Dirección a presidenta ou presidente da ACSUG, representantes das universidades do SUG e do Goberno de Galicia, membros destacados da comunidade académica e científica ou empresarial, estudantes do SUG, a presidenta ou presidente da CGIACA e mais a directora ou director da ACSUG. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

A directora ou director da ACSUG

É o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG de acordo coas directrices do consello de Dirección.

Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG e exerce, con total independencia, as funcións de emisión

de informes, avaliación, certificación e acreditación que ten atribuídas a ACSUG -ás que se fai referencia no artigo 7 dos seus Estatutos- e mais outras funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria que lle poida encomendar o consello de Dirección ou a normativa que resulte de aplicación.

A CGIACA actúa con independencia de calquera outro órgano e institución e adopta as decisións finais no ámbito das funcións que ten atribuídas, das que é a última responsable.

A CGIACA está composta por un presidente, por seis vogais de recoñecido prestixio da comunidade académica e científica e polo director da ACSUG, que actúa como secretario con voz e sen voto. Os membros da CGIACA actúan a título persoal e con plena independencia.

Para o exercicio das súas funcións, a CGIACA conta con comités de asesores expertos designados pola propia comisión. No ano 2014 colaboraron un total de 445 asesores expertos, algúns dos cales participaron en diferentes procesos de avaliación.

O regulamento de funcionamento, os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe e certificación que aproba, así como as normas reguladoras da composición, réxime de funcionamento, requisitos e procedemento de designación dos comités de asesores de expertos, aprobados pola CGIACA, son públicos.

O consello Asesor

O consello Asesor é o órgano consultivo da ACSUG e a el correspóndelle a análise e a reflexión sobre o funcionamento e as actividades que desenvolve a ACSUG. Entre as súas funcións está, ademais, a de resolver as controversias que se produzan no tocante

ao cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas nos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.

Actualmente o consello Asesor está presidido polo director da ACSUG, e está composto ademais por oito vogais, que son designados polo consello de Dirección entre personalidades de recoñecido prestixio do ámbito científico, académico e profesional nacional e internacional, alleos ao SUG, e garantindo a presenza de representantes do sector empresarial e de estudantes das universidades galegas. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

Recursos humanos

O cadro de persoal da ACSUG está formado polo director, 11 técnicos e 5 administrativos. A nivel operativo/funcional, a ACSUG conta cos seguintes departamentos:

Gabinete de Dirección

Encárgase fundamentalmente das relacións externas, do apoio aos comités de avaliadores expertos e mais do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

Unidade de Programas

Ocúpase, entre outras actividades, dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de procedementos de garantía de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación da calidade docente do profesorado universitario (Programa Docentia) e mais da realización de estudos e análises da inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.

Unidade de Profesorado

Correspóndelle realizar, entre outras actividades, a avaliación previa á contratación de profesorado universitario e á asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores. Realiza tamén a análise e seguimento das capacidades en I+D+i asociadas ao ámbito universitario, así como outras funcións de avaliación de profesorado universitario e de grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

Unidade de Xestión

Nesta unidade encádranse os departamentos encargados de lle dar soporte ao resto de unidades e mais os servizos xerais, necesarios para o desempeño das actividades da ACSUG.

CALIDADE INTERNA

Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un axeitado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

Por iso, a ACSUG ten implantado un sistema de xestión interno segundo a norma ISO 9001 (xestión de calidade) e mais a norma ISO 14001 e o Regulamento EMAS (ambas as dúas sobre xestión ambiental).

O sistema de xestión está certificado externamente por AENOR e a ACSUG atópase no ciclo de certificación 2015-2018. Precisamente no 2015 a ACSUG superou satisfactoriamente a auditoría externa de renovación da certificación, levada a cabo pola empresa AENOR, por tres anos máis.

Durante o ano 2015 cómpre salientar as seguintes accións de mellora levadas a cabo:

- Continuación coa simplificación documental e desenvolvemento de diagramas de fluxo dos procedementos do sistema de xestión.
- Impulso da medición sistemática da satisfacción dos usuarios e clientes da ACSUG.
- Comezo da análise, deseño e desenvolvemento do Plan Estratéxico da ACSUG 2016-2020.

De cara ao ano 2016, amais de seguir incidindo nos procesos de medición e análise da satisfacción de todos os grupos de interese relacionados coa ACSUG, o obxectivo fundamental que se vai levar a cabo será a continuación do desenvolvemento, aprobación e posta en marcha do Plan Estratéxico da ACSUG 2016-2020, o que comportará igualmente a revisión da política de calidade e medio ambiente, do código ético e da misión e visión.

Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e a xestión

A ACSUG busca sempre introducir calquera outra norma que posibilite unha mellora continua e un mellor desenvolvemento das actividades. Por iso ten implantados todos os aspectos relativos á Prevención de Riscos Laborais e á Seguridade e Protección de Datos de Carácter Persoal.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2015, amais das tarefas derivadas da actividade cotiá da ACSUG, os servizos informáticos desenvolveron as seguintes actividades:

- Adaptación e mellora das aplicacións de xestión de distintos procedementos levados a cabo pola

ACSUG (complementos autonómicos, acreditación de profesorado, axudas do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación, etc.), como resultado dos comentarios/suxestións dos seus diversos usuarios (solicitantes, administradores e avaliadores) ou ben por mor dos cambios nas convocatorias. Comézase tamén o proceso de integración coa sede electrónica da Xunta.

- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA). A aplicación adáptase aos cambios no manual e ás propostas dos usuarios.
- Instalación dun novo servidor de dominio.

XESTIÓN ECONÓMICA

O Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 inclúe unha partida específica para asegurar o normal funcionamento das actividades da ACSUG. Esta partida recóllese anualmente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ACSUG percibe outros ingresos por actividades de avaliación solicitadas á ACSUG e formalizadas a través de convenios de colaboración (avaliación do Programa Docencia das universidades do SUG, avaliación de méritos de profesorado da Universidade de Oviedo, avaliación de centros de diferentes universidades de Perú, etc.).

Dende o ano 2014 a ACSUG percibe tamén taxas de servizos administrativos por actuacións relacionadas coas avaliacións ou cos informes do profesorado universitario.

Ingresos do exercicio	Previsións	Dereitos liquidados
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	38.125,04	48.560,41
4. Transferencias correntes	1.208.200,54	1.199.663,60
5. Ingresos patrimoniais	500,00	373,65
Importe total	1.246.825,58	1.248.597,66

O control orzamentario permite coñecer en cada momento o custo de cada unha das actividades realizadas e facer as previsións correspondentes para acadar un gasto eficiente, responsable e equilibrado con respecto aos ingresos obtidos.


Velaquí o orzamento polo miúdo dos gastos do exercicio 2015

Gastos do exercicio - Económica	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Gastos de persoal	501.459,95	501.153,54
2. Gastos correntes en bens e servizos	731.365,63	541.194,85
6. Investimentos reais	14.000,00	7.183,33
Importe total	1.246.825,58	1.049.531,72

Gastos do exercicio - Áreas	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Órganos da ACSUG	70.039,94	67.968,25
2. Actividades de avaliación da calidade	809.512,40	639.866,85
3. Actividades de colaboración externa	64.639,21	54.942,69
4. Unidade de Xestión	302.634,03	286.753,93
Importe total	1.246.825,58	1.049.531,72

As contas anuais e a liquidación do orzamento sométense anualmente a auditoría. Unha vez rematada a auditoría, esta documentación remítese, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e mais ao consello de contas de Galicia para o seu coñecemento e control.

04



ACSUC

Actividades e programas realizados en 2015

AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

Verificación-Modificación de títulos oficiais

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 do 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e ao disposto pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a ACSUG é a responsable da avaliación, previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do SUG, do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a devandita normativa

TÍTULOS AVALIADOS POLA ACSUG NO 2015

No curso 2014/2015 presentáronse 12 títulos a verificación, todos eles con Informe Final favorable, e 23 modificacións, que obtiveron todas elas a valoración de favorable.

TÍTULOS AVALIADOS NOS PROCESOS DE VERIFICACIÓN E MODIFICACIÓN POLA ACSUG									
RAMA	CICLO	2015							
		UDC		USC		UVI		TOTAL	
		VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD
Artes e Humanidades	Grao	0	2	0	0	0	0	0	2
	Máster	0	1	0	0	0	1	0	2
	Doutoramento	0	0	0	0	0	0	0	0
Ciencias	Grao	0	0	0	0	0	2	0	2
	Máster	0	0	0	0	0	0	0	0
	Doutoramento	0	0	0	0	0	0	0	0
Ciencias da Saúde	Grao	0	0	0	0	0	0	0	0
	Máster	1	0	1	0	0	0	2	0
	Doutoramento	1	0	0	1	0	0	1	1
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	0	0	0	2	0	2	0	4
	Máster	1	1	1	1	1	0	3	2
	Doutoramento	1	0	0	0	0	0	1	0
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	1	2	0	1	0	3	1	6
	Máster	1	2	1	1	2	1	4	4
	Doutoramento	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL		6	8	3	6	3	9	12	23

Verificacións e modificacións avaliadas pola ACSUG no 2015.

Seguimento de títulos oficiais de grao e máster

No tocante ao programa de seguimento de títulos, no ano 2015 a ACSUG realizou o seguimento dos másteres implantados no curso 2012/2013 e dos graos implantados no 2011/2012. En total realizouse o seguimento de 15 títulos.

Distribución de títulos de seguimento por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensino.

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA ACSUG					
RAMA	CICLO	2015			
		UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	0	0	0	0
	Máster	0	0	0	0
Ciencias	Grao	0	0	0	0
	Máster	2	0	0	2
Ciencias da Saúde	Grao	0	0	0	0
	Máster	0	0	0	0
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	0	2	0	2
	Máster	2	3	1	6
Enxeñería e Arquitectura	Grao	0	0	1	1
	Máster	3	0	1	4
TOTAL		7	5	3	15

Renovación da creditação de títulos universitarios

No curso 2014/2015, continuando co desenvolvemento do programa de renovación da acreditación, as Comisións de Avaliación realizaron visitas a 34 centros onde se imparten os 63 títulos participantes no proceso. Na seguinte

táboa preséntanse os títulos obxecto de renovación da acreditación e as datas nas que se realizaron as visitas aos centros.

UNI	RAMA	CENTRO	VISITA	TÍTULOS
UDC	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Dereito	27-28 xaneiro 2015	- Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial - Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea
		Facultade de Ciencias da Educación	14-15 abril 2015	- Graduado/a en Educación Infantil - Graduado/a en Educación Primaria - Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas - Máster Universitario en Psicoloxía aplicada
		Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física	8 abril 2015	- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
		Facultade de Socioloxía	9 abril 2015	- Máster Universitario de Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural
	Enxeñaría e Arquitectura	Escola Técnica superior de Arquitectura	12 febreiro 2015	- Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica
		Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	13 febreiro 2015	- Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos
	Ciencias da Saúde	Facultade de Fisioterapia	23 marzo 2015	- Grao en Fisioterapia
	Ciencias	Facultade de Ciencias	15-16 abril 2015	- Máster universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética - Grao en Bioloxía - Grao en Química

Calendario de visitas dos títulos participantes no programa de renovación da acreditación 2014/2015.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS
REALIZADOS EN 2015

USC	Artes e Humanidades	Facultade de Filoloxía	13 abril 2015	- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos
		Facultade de Filosofía	14 abril 2015	- Máster Universitario en Filosofía. Cuestións Actuais
	Enxeñaría e Arquitectura	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	3-4 febreiro 2015	- Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental - Grao en Enxeñaría Informática
		Escola Politécnica Superior (Campus Lugo)	5 febreiro 2015	- Máster Universitario en Dirección de Proxectos
		Facultade de Ciencias (Campus Lugo)	21-22 abril 2015	- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
	Ciencias	Facultade de Bioloxía	2-3 decembro 2014	- Máster Universitario en Acuicultura
		Facultade de Física	3 febreiro 2015	- Máster Universitario en Enerxías Renovables e Sostenibilidade Enerxética
		Facultade de Farmacia	21-22 abril 2015	- Máster Universitario en Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermería	24-25 novembro 2014	- Máster Universitario en Xerontoloxía - Máster universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
		Facultade de Bioloxía	2-3 decembro 2014	- Máster Universitario en Neurociencia
		Facultade de Ciencias	7-8 abril 2015	- Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental - Grao en Nutrición Humana e Dietética
		Facultade de Farmacia	21-22 abril 2015	- Máster Universitario en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
		Facultade de Medicina e Odontoloxía	13-14 abril 2015	- Máster Universitario en Investigación Biomédica - Máster Universitario en Saúde Pública
		Facultade de Veterinaria	16 marzo 2015	- Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria

USC	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Ciencias da Educación	18-19 febreiro 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas - Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario - Máster Universitario en Procesos de Formación
		Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	16-17 marzo 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación - Máster Universitario en Dirección de Empresas - Máster Universitario en Economía: Organización Industrial e Mercados Financeiros
		Facultade de Dereito	27 -28 abril 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas. - Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria - Máster Universitario en Estudos Internacionais
		Facultade de Relacións Laborais	27-28 abril 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral (interuniversitario con UDC e UVI)
UVI	Artes e Humanidades	Facultade de Belas Artes	29-30 xaneiro 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Grao en Belas Artes - Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual - Máster Universitario en Arte Contemporánea, Creación e Investigación
	Enxeñaría e Arquitectura	Escola de Enxeñaría Industrial	19, 20 e 21 de xaneiro 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control - Máster Universitario en Enerxía e Sostibilidade - Máster Universitario en Enxeñaría da Construción - Máster Universitario en Enxeñaría Química - Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais
	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias	25 febreiro 2015	<ul style="list-style-type: none"> - Máster Universitario en Nutrición

ACTIVIDADES E PROGRAMAS
REALIZADOS EN 2015

UVI	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense)	13 novembro 2014	- Máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa
		Escola Universitaria de Estudos Empresariais (Vigo)	3-4 decembro 2014	- Grao en Comercio - Máster Universitario en Comercio Internacional - Máster Universitario en Dirección de PEMES
		Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	9-10 decembro 2014	- Máster Universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos - Máster Universitario en intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos
		Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Vigo)	3-4 febreiro 2015	- Máster Universitario en Finanzas - Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible - Máster Universitario en Políticas Comunitarias
		Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	9-10 febreiro 2015	- Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social
		Facultade de Bioloxía (Vigo)	16 abril 2015	- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Sistemas de Garantía Interna de Calidade. Programa FIDES-AUDIT

A certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) implica a realización dunha auditoría externa que levan a cabo dúas comisións de avaliación constituídas para ese efecto, segundo os criterios

previamente establecidos e publicados na páxina web da ACSUG.

As comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes e mais por persoal técnico da ACSUG.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Presidente: Antonio López Cabanes Profesional: María Vilas Breijo Estudante: Javier Puga Alonso Secretaria: M ^a Paula Ríos de Deus (ACSUG)	Auditor xefe: Laureano González Vega Profesionais: Marta González Moldes e Cecilia de la Rosa González Estudante: Marta López López Secretaria: M ^a Dolores Castro Pais (ACSUG)

En setembro do 2014 publícase a convocatoria para a solicitude de participación dos centros no proceso de Certificación da implantación dos SGC para o curso 2014/2015.

Presentáronse 4 centros, que obtiveron o seguinte resultado:

UDC:

- Facultade de Ciencias (Favorable)
- Facultade de Fisioterapia (Favorable)

UVI:

- Escola Universitaria de Estudos Empresariais (Favorable)
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Favorable)
- Escola Superior de Enxeñería Informática (Favorable)

AVALIACIÓN DO PROFESORADO

Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG


Como vén sendo habitual nos últimos anos, no 2015 realizouse a convocatoria anual de avaliación previa á contratación do profesorado universitario:

- Resolución do 2 de marzo de 2015, da Presidenta da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Coma na convocatoria do ano anterior, séguese a manter o requisito previo do pagamento de taxas para a admisión a trámite. Este foi un dos motivos polos que este ano o número de solicitantes diminuíu en comparación con anos anteriores.

Mostra o número total de solicitantes e solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).


Número total de solicitantes e solicitudes e solicitudes por figura no SUG* da convocatoria A-15




Con respecto aos recursos de reposición presentados, na seguinte gráfica pódese comprobar o número de recursos presentados por cada figura con respecto ás resolucións de avaliación negativas.

Comparación entre resolucións desfavorables e recursos de reposición presentados. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).

Total de resolucións desfavorables e recursos presentados no SUG* da convocatoria A-15



Despois da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados, os datos definitivos do procedemento de acreditación preséntanse no seguinte gráfico.



Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG

A través da Orde do 22 de abril do 2008 (DOG do 5 de maio do 2008), establécese o procedemento que debe seguir a ACSUG para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos devanditos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e

nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

• Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores:

Todos aqueles que estean contratados por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e que se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario. Este ano 2015 houbo só 2 solicitantes, ambos os dous con resultado positivo.

- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:**

Todos aqueles que prorrogasen o seu contrato como profesoras e profesores colaboradores nalgũa das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario. Nesta modalidade este ano só se presentaron 3 solicitantes, todos con resultado positivo.

Complementos retributivos

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, determina que as comunidades autónomas poderían establecer -artigo 55 (persoal docente e investigador contratado) e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario)- retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

Desenvolvendo estes dous artigos publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co obxecto de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos para o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas de Galicia. Establécense catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEX).

Os datos que corresponden aos resultados globais sobre estes catro complementos para a convocatoria do 2015 non figuran nesta memoria de actividades, xa

que as convocatorias se publicaron a finais de ano e as solicitudes aínda están en proceso de avaliación. Serán obxecto de estudo na memoria do 2016.

Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

O obxecto destes complementos é premiar o labor docente e investigador desenvolvido no SUG. Este complemento pódese solicitar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpra os requisitos previamente establecidos nas convocatorias. Estes complementos foron os primeiros que se desenvolveron e véñense convocando dende o 2004.

A convocatoria do ano 2015 saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 10 de decembro, a través da Resolución do 15 de outubro do 2015 pola que se aproba a convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativa ao complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD) e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI). Tendo en conta a data na que se publicou a convocatoria, resolverase na súa totalidade no ano 2016.

Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril do 2004 (DOG do 28 de abril), que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos de xestión, vixentes ata este momento.

A convocatoria correspondente ao 2015 sae publicada no Diario Oficial de Galicia o 10 de decembro do 2015 a través da Resolución do 19 de outubro do 2015. Xa que logo, tanto os trámites como a xestión e avaliación de expedientes da convocatoria do 2015 realizaranse ao longo do primeiro cuadrimestre do 2016 e os resultados, polo tanto, serán obxecto de estudo na memoria do 2016.

Complemento retributivo por cargos de xestión

Este é o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolveu de acordo co Decreto 55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro).

Ao igual que acontece cos outros tres complementos retributivos autonómicos, a convocatoria correspondente ao 2015 sae publicada no Diario Oficial de Galicia o 10 de decembro do 2015, a través da Resolución do 16 de outubro do 2015. Xa que logo, tanto os trámites como a xestión e avaliación de expedientes da convocatoria do 2015 realizaranse ao longo do primeiro cuadrimestre do 2016 e os resultados, polo tanto, serán obxecto de estudo na memoria do 2016.

Programa DOCENTIA

O Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas leva en marcha dende o 2007. A partir do 2009 comeza a fase de implantación experimental e de seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa súa certificación.

No último trimestre do 2015 a UDC comezou coa 5ª convocatoria de implantación do seu deseño DOCENTIA.

Pola súa parte, a UVI someteu a avaliación o seu novo Manual de avaliación da actividade docente, que foi verificado en novembro do 2015, como paso previo á posta en marcha da súa implantación.

Por outra banda, a Comisión DOCENTIA aprobou en decembro deste ano a nova documentación sobre o programa, co obxectivo principal de simplificar e fortalecer a coherencia entre as distintas fases do programa e de introducir os cambios necesarios a partir da experiencia acumulada e da publicación dos novos criterios e directrices europeas.

Outras avaliacións do profesorado

Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo

En cumprimento do convenio asinado entre a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e a Universidade de Oviedo, con data do 7 de outubro do 2015 realízanse as avaliacións previas á emisión dos informes correspondentes á avaliación dos méritos individuais do persoal Investigador non permanente e interno da Universidade de Oviedo da convocatoria do 2015.

A avaliación da actividade investigadora realízase de xeito semellante á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios, é dicir, usando as instrucións adaptadas da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) e a Resolución do 26 de novembro do 2014, da Presidencia da CNEAI, pola que se establecen os criterios específicos de cada un dos campos de avaliación.

Para a realización desta avaliación cóntase cunha aplicación informática que utilizan primeiro os solicitantes

e posteriormente os avaliadores para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os tramos que someten a valoración de 6 en 6 anos, completando en cada un as contribucións máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora. Cada tramo debe abranguer seis anos de investigación (anos naturais completos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), e unicamente as fraccións anuais iguais ou superiores a oito meses se computan como ano natural. Os anos constitutivos dun tramo poden ser consecutivos ou non. Os investigadores aos que se lles avaliara negativamente o último período de investigación presentado, poderán construír un novo período, de seis anos, con algúns dos xa avaliados negativamente na última solicitude presentada e, polo menos, tres posteriores a aqueles.

Na convocatoria do 2015 avaliáronse 20 solicitudes. E velaquí todas as avaliacións realizadas dende que se asina o convenio entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo no 2009:

Avaliación Sexenios de Oviedo	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2009	38
2010	9
2011	23
2012	30
2013	8
2014	22
2015	21
TOTAL	151

AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG

A través da Orde do 7 de maio do 2015 establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

O Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle no seu eixe estratéxico 2 a consolidación de grupos de referencia. Na liña de actuación 2.4. de apoio a proxectos de investigación, explícase que cómpre abandonar o anterior modelo baseado no financiamento dos grupos por acumulación de pequenos proxectos de investigación e adoptar un novo modelo no que os grupos reciben financiamento estrutural baseado en principios de calidade e eficiencia mediante un proceso de avaliación continua.

Establécense as condicións en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva para o acceso ás axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do SUG nas modalidades de:

Grupos de Referencia Competitiva: Están caracterizados por bos índices de publicacións académicas; un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo

a área na que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional; con capacidade para formar e atraer novos investigadores e habituados á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou con empresas. Son axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación.

Redes de investigación: Trátase de axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación. O solicitante será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento dun plan de actividades conxuntas e complementarias no marco dunha rede.

Grupos con potencial crecemento: Axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D demostran un potencial crecemento ata converterse en grupos de referencia do SUG. Sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora constatable con criterios estritos e están na senda que os pode levar a ser grupos de referencia.

Agrupacións estratéxicas: Por agrupacións estratéxicas enténdense as unidades organizadas cun nivel de agregación superior ao grupo de investigación que, establecidas pola universidade proponente, teñan por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada con obxectivos de I+D e transferencia propios.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións realizadas por un panel de avaliadores e por unha comisión de selección. Unha vez realizadas as valoracións, os resultados transmítense a unha comisión de selección que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación. Esta Comisión pode conceder ata 10 puntos adicionais a cada solicitude sobre os 100 máximos.

Avaliáronse na convocatoria do 2015 un total de 67 solicitudes das diferentes modalidades: 29 grupos de potencial crecemento, 19 grupos de referencia competitiva e 19 agrupacións estratéxicas.

Dende a adxudicación, por parte da Xunta de Galicia, da fase inicial de avaliación deste proceso á ACSUG, realizáronse as seguintes valoracións:

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SUG	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2010	85
2011	50
2012	73
2013	126
2014	364
2015	67
TOTAL	765

ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

No ano 2015, a ACSUG continuou a traballar na análise da situación laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG), tanto dos titulados universitarios de 1º e 2º ciclo e graduados como de másteres. Esta actividade desenvolveuse de xeito continuo dende os inicios da Axencia e estableceuse cunha periodicidade anual dende o “Estudo dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006”.

Coa nova configuración dos plans de estudos: graos, másteres e programas de doutoramento, a ACSUG comezou no ano 2013 un novo proxecto, no que se ampliou a poboación obxecto de estudo aos titulados en másteres, e no ano 2015 realizouse o segundo estudo centrado nos titulados en másteres do curso académico 2010-2011.

Velaquí a análise das accións desenvolvidas pola ACSUG en relación a cada un dos estudos de inserción laboral:

Estudos de inserción laboral a titulados universitarios de 1º e 2º ciclo (diplomaturas, licenciaturas, enxeñerías técnicas e enxeñerías, arquitectura e arquitectura técnica) e graos

O obxectivo principal destes estudos é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios, aproximadamente aos dous anos de rematar a titulación. Neste caso, non só se pretende achegar información sobre como se produce esta integración no mercado laboral, senón que tamén se analiza a satisfacción dos titulados sobre o seu paso pola universidade. Con respecto ao mercado laboral, as temáticas estudadas pódense estruturar principalmente en dous apartados: o acceso ao emprego e a situación laboral actual.

Porcentaxe de resposta nos últimos sete estudos.

	SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA						
	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
POBOACIÓN	10.280	8.689	9.216	8.846	8.922	9.289	8.106
MOSTRA	5.362	4.569	4.830	4.965	5.004	5.114	4.687
%	52,16%	52,58%	52,40%	56,12%	56,10%	55,05%	57,82%
TRABALLO DE CAMPO	Maio 2008	Maio/Xuño 2009	Maio/Nov. 2010	Outubro 2011	Decembro 2012	Decembro 2013	Decembro 2014
PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	2009	2010	2011	2013	2014	2015	Previsión 2016

● **EIL1011 “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011”:**

A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados no curso académico 2010-2011. Durante o ano 2014 o Grupo de Análise Estatística elaborou o informe global de resultados. En decembro do 2015 realizouse a presentación da publicación e publicouse tamén un resumo de resultados por titulación, rama de coñecemento e universidade.

do 2014 desenvolveuse o traballo de campo. Durante o ano 2015 o Grupo de análise estatística realizou os análises e a elaboración do informe global de resultados. En decembro realizouse a presentación dun avance cos resultados máis salientables.

Estudos de inserción laboral a titulados en másteres universitarios oficiais

● **EIL1112 “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012”:**

A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados no curso académico 2011-2012. En decembro

O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados en másteres, aproximadamente aos tres anos de rematar a titulación. Cómpre salientar o estudo exhaustivo de toda a poboación nestes estudos, nos cales se acadou unha alta porcentaxe de resposta.

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA			
	EILMÁSTERES0710	EILMÁSTERES1011	EILMÁSTERES1012
POBOACIÓN	2.915	2.099	2.728
MOSTRA	2.242	1.510	2.307
%	76,91%	71,94%	84,57%
TRABALLO DE CAMPO	Maio-Xuño 2013	Xuño-Xullo 2014	Xuño-Xullo 2015
PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	2015	2016	2016

Porcentaxe de resposta nos dous últimos estudos

● **EILMásteres0710 “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010”:**

Nesta experiencia piloto iniciada no ano 2013 considerouse a poboación titulada en másteres correspondente aos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, e realizouse a enquisa aproximadamente aos tres, catro e cinco anos respectivamente. O grupo de traballo externo, coordinado dende a ACSUG, elaborou ao longo do

ano 2014 un informe global de resultados e a súa presentación realizouse no ano 2015.

● **EILMásteres1011 “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011”:**

A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados en másteres no curso académico 2010-2011. Durante o ano 2014 o Grupo Externo de Colaboradores realizou a análise de resultados e a elaboración do informe global de resultados.

- **EIMásteres1112 “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012”:** A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados en másteres no curso académico 2011-2012. Durante o ano 2015 o Grupo Externo de Colaboradores realizou a análise de resultados e a elaboración do informe global de resultados, polo que ao longo do ano 2016 está previsto realizar a presentación da devandita publicación.

05



Cooperación e comunicación

Dende a súa creación a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, a nivel nacional e mais internacional.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de promover e de lles dar publicidade ás actividades que a realiza a ACSUG, mediante a súa difusión na páxina web, organización de seminarios, realización de publicacións, etc.

ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo do que forman parte axencias de calidade de educación superior europeas que cumpren cos "Criterios e Directrices para a Garantía da Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG)".

A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA dende novembro do 2009, logo de superar positivamente un proceso de avaliación externo levado a cabo por este organismo. Debido a que as axencias membro deben superar unha avaliación periódica cada 5 anos, no 2014 a ACSUG volveu ser avaliada de xeito positivo ata o ano 2019. Para este novo período de 5 anos, ENQA recoméndalle á ACSUG que siga incidindo en:

- Realización dun Plan Estratéxico de longa duración que complemente a planificación anual de actividades

que se vén realizando actualmente, e que permitirá ter unha mellor previsión de actividades e de recursos para realizalas. Propoñerase un Plan para o período 2016-2020.

- A participación de expertos internacionais nos comités de avaliación e nos órganos da axencia.
- Os protocolos para a resolución de recursos e reclamacións.

Amais do proceso comentado anteriormente, a ACSUG seguiu participando durante o ano 2015 nas seguintes actividades que levou a cabo ENQA:

- 1) A ACSUG participa dende o ano 2008 no grupo de traballo "Internal Quality Assurance (IQA) Group", integrado por técnicos de calidade interna das axencias de calidade universitarias europeas.
- 2) Técnicos da ACSUG participaron durante o ano 2015 noutros dous grupos de traballo específicos creados por ENQA:
 - a) **Grupo de traballo I sobre o impacto do aseguramento da calidade:** Este grupo de traballo creouse no 2012 e o seu principal obxectivo é analizar os efectos da implantación dos procedementos de aseguramento da calidade na educación superior en Europa.
 - b) **Grupo de traballo IV sobre a implicación dos grupos de interese do sistema universitario nos procedementos de aseguramento da calidade:** Este

grupo de traballo creouse no 2012 e o seu propósito é analizar e fomentar a participación dos distintos colectivos relacionados co ensino superior en Europa: alumnos, titulados, persoal académico, empresarios, etc.

- 3) A ACSUG participou no 11º newsletter de ENQA cunha noticia sobre a colaboración da axencia no proxecto [Tempus EDUCA](#), que ten como obxectivo fundamental modernizar as ensinanzas en pedagogía en varios países de Asia Central.
- 4) A ACSUG colaborou no 2015, achegando información sobre as súas actividades, nun proxecto da Axencia Sueca de Avaliación da Calidade Universitaria (AAQ) sobre metodoloxía nos procesos de acreditación institucional.
- 5) Asistencia do Director da ACSUG ás dúas reunións anuais do organismo: ENQA Members' Forum en abril do 2015 en Córdoba e ENQA General Assembly en outubro do 2015 en Dublín (Irlanda).
- 6) Asistencia do Director da ACSUG ao 10º European Quality Assurance Forum (EQAF), celebrado en novembro do 2015 en Londres (Reino Unido). O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria, etc.

EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE, os órganos europeos representantes, respectivamente,

das axencias de garantía de calidade, estudantes, universidades e outras institucións de educación superior, para incrementar a transparencia da calidade na educación superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Dende novembro do 2010 a ACSUG está incluída no EQAR, logo de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG). No 2014, a ACSUG, logo de superar un novo proceso de avaliación, renovou a súa pertenza ao EQAR ata o ano 2019.

No ano 2015, a ACSUG colaborou co EQAR cubrindo varios cuestionarios referentes á utilidade e navegabilidade da páxina web do EQAR ou ao impacto e beneficios que supón para a ACSUG pertencer ao Rexistro Europeo.

ECA

A ACSUG é membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA) dende xuño do 2013, organismo do que forman parte axencias de garantía de calidade europeas que queren incidir no recoñecemento mutuo das actividades realizadas, na aprendizaxe mutua e no intercambio de boas prácticas relativas á educación superior.

Representantes da ACSUG asistiron no 2015 a varios eventos organizados por ECA:

- 18th Workshop e 2º reunión anual de ECA realizadas en Hannover (Alemaña) en xuño.
- Xornada de formación sobre avaliación de títulos conxuntos en Colonia (Alemaña) en setembro.

- Xornadas sobre resultados da aprendizaxe na Educación Superior levadas a cabo en outubro, na Haia (Holanda).
- ECA Winter Seminar en decembro na Haia (Holanda).

Ademais, un técnico da ACSUG está a colaborar nun dos [grupos de traballo postos en marcha por ECA, o grupo de traballo 1 sobre recoñecemento mutuo e programas conxuntos \(Mutual recognition and joint programmes\)](#).

Avaliación de centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español

A ACSUG desenvolveu unha metodoloxía para a avaliación de títulos e centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español.

O proceso consta de tres fases:

- 1) Unha autoavaliación que debe realizar o título ou centro (segundo as guías elaboradas pola ACSUG).
- 2) Unha avaliación externa e emisión de informe final por parte dun comité externo designado pola ACSUG (que inclúe unha visita aos centros avaliados).
- 3) Seguimento e renovación do certificado: en caso de avaliación positiva, o certificado concedido pola ACSUG terá unha validez de seis anos.

O título ou centro debe elaborar, e enviarlle á ACSUG, anualmente, un autoinforme de seguimento segundo o establecido nas guías deseñadas pola ACSUG, incluíndo o plan de accións de mellora e os resultados dos indicadores, para a súa revisión.

Ao cabo de tres anos realizarase unha avaliación especial de seguimento para comprobar a execución efectiva das devanditas accións e a súa repercusión na mellora continua do centro.

Aos seis anos levarase a cabo un novo proceso de avaliación, incluíndo autoavaliación e visita externa, e, segundo o seu resultado, renovarase, se procede, o certificado de avaliación.

Avaliación de centros da Universidade de San Martín de Porres (USMP) de Perú

O Director da ACSUG participou no mes de novembro no IX Seminario Taller Internacional “Desafíos e Logros dunha Educación de Calidade”, organizado pola USMP en Lima (Perú).

Dentro do proceso desenvolvido pola ACSUG para a certificación dos centros universitarios alleos ao Sistema Universitario Español, existe unha fase de seguimento con visita para realizar unha revisión in situ dos plans de mellora desenvolvidos polos centros, a raíz das propostas de mellora formuladas durante o proceso de avaliación externa.

No mes de novembro do 2015 realizouse unha visita de seguimento aos seguintes centros da USMP que obtiveron a certificación no ano 2012:

- Escola Profesional de Enxeñaría Civil
- Escola Profesional de Arquitectura
- Escola Profesional de Ciencias da Comunicación
- Facultade de Ciencias Administrativas e Recursos Humanos

- Facultade de Ciencias Contables, Económicas e Financeiras
- Escola Profesional de Turismo e Hotelería

Avaliación de centros da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú

Durante o ano 2015, levouse a cabo o proceso de avaliación externa das seguintes Carreiras Académico Profesionais (CAP):

- CAP de Enxeñaría de Sistemas
- CAP de Enxeñaría Civil
- CAP de Enxeñaría Mecánica Eléctrica
- CAP de Enxeñaría Electrónica e Telecomunicacións
- CAP de Enxeñaría Industrial
- CAP de Enxeñaría Mecatrónica
- CAP de Arquitectura e Urbanismo
- CAP de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental

Participación da ACSUG no proxecto europeo Tempus Educa

Os proxectos TEMPUS son uns programas da Unión Europea que teñen como finalidade impulsar o desenvolvemento dos sistemas de ensino superior. Para iso establécense cooperación entre os países membros da Unión Europea e mais con outros países doutras zonas do mundo, para compartir información e experiencias no eido da educación superior.

A ACSUG, consciente da importancia de establecer vínculos e contactos con outros organismos e asociacións, decidiu implicarse no ano 2015 de xeito activo no proxecto TEMPUS IV “Modernization and Development of Curricula on Pedagogy and Educational Management in the Central Asian Countries (EDUCA)”, coordinado pola Universidade Otto-von-Guericke de Magdeburgo (OvGU).

A ACSUG participou no proxecto en dúas actividades diferentes:

- 1) Visita externa aos centros universitarios de Tajik Pedagogic University (Dushanbe, Tadjikistán), Kazakh National Pedagogic University (Almaty, Casaquistán) e Arabeav Pedagogic University (Bishkek, Kirguizistán) para comprobar a implantación dun máster en xestión educativa.
- 2) Avaliación online dos plans de estudo de catro carreiras universitarias do ámbito da pedagogía.

OUTRAS COLABORACIÓNS

Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades (2014)

En setembro do 2015 publícase o “Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2014”. Este informe, coordinado pola ANECA e no que participan todas as axencias de calidade autonómicas, é o oitavo dunha serie de informes anuais que teñen como obxecto informar o Ministerio de Educación e o Consello de Universidades sobre o desenvolvemento dos procesos de avaliación, certificación e acreditación en España no eido da educación universitaria.

O informe 2014 recolle os resultados obtidos, en primeiro lugar, a partir das avaliacións de sistemas de garantía interna de calidade dos centros e institucións e dos procedementos que estas puxeron en funcionamento encamiñados á revisión e á mellora da calidade docente; en segundo lugar, a partir da avaliación de títulos oficiais nas súas fases de deseño, implantación e renovación da acreditación e, en terceiro lugar, a partir dos procesos de avaliación do persoal docente investigador das universidades, ben encamiñados á acreditación de

candidatos para o acceso a prazas de PDI contratado ou funcionario, ou ben encamiñados ao recoñecemento da actividade do PDI no exercicio das súas funcións dentro das universidades.

Participación na Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU)

A ACSUG é membro da REACU, organismo do que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de ámbito autonómico e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Nas reunións periódicas deste organismo trátanse temas sobre avaliación e coordinación que afectan a todas as axencias españolas.

Participación na Comisión Universitaria Reguladora do Seguimento e da Acreditación (CURSA)

A ACSUG é membro de CURSA, comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS**Organizados pola ACSUG**

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
20/02/15	Seminario de Formación para os representantes da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú	ACSUG
11/03/15	Xornada informativa sobre o ciclo dos títulos oficiais	ACSUG
21/05/15 e 22/05/15	Xornadas formativas sobre o Programa Docencia da Universidade da Coruña (UDC)	UDC (Ferrol e Coruña)
15/06/15	Xornada de formación sobre inserción laboral para os enquisadores do proceso	ACSUG
14/10/15	Xornadas formativas sobre o Programa Docencia da Universidade da Coruña (UDC)	ACSUG
26/10/15	Xornada de información e formación para os estudantes do Máster en Procesos de Formación da Universidade de Santiago de Compostela (USC)	ACSUG
01/12/15	Xornada de formación sobre inserción laboral para os enquisadores do proceso	ACSUG
03/12/15	Xornadas de formación para os avaliadores da área de títulos e programas da ACSUG	ACSUG
11/12/15	Presentación da publicación "Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2010-2011"	ACSUG

Presentación de relatorios

DATA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
02/02/15	Conferencia "Opcións universitarias para un estudante de Bacharelato"	Presentación dun relatorio por parte do Director da ACSUG	IES Carlos Casares (Vigo)
27/05/15	I Simposio Internacional "Aprendizaxe-Servizo na Educación Superior: Innovación, Calidade e Institucionalización"	Presentación dun relatorio por parte do Director da ACSUG	Escola Galega Administración Pública (Santiago)
26/11/15	IX Seminario Taller Internacional: "Desafíos e logros dunha educación de calidade"	Presentación dun relatorio por parte do Director da ACSUG	Universidade de San Martín de Porres (USMP) Lima

PUBLICACIÓNS

No ano 2015 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

Memorias de Actividades



Título: Memoria de Actividades 2013
Páxinas: 26
Ano: 2015



Título: Memoria de Actividades 2014
Páxinas: 26
Ano: 2015

Inserción Laboral



Título: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema
Universitario de Galicia 2010-2011
Páxinas: 199
Ano: 2015
Depósito Legal: C 1782-2015
ISBN: 978-84-608-2588-3



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA